

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 1/07/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira
Teresa Fernández Martínez

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

Orde do día

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.
- 2º.- Expediente adjudicación definitiva edificio Semáforo e o seu anexo O Refuxio mediante concesión administrativa.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 21:00 horas, do día 1/07/2016, reúnense no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, coa seguinte:

1º Aprobar o borrador da acta da sesión anterior, se procede.

- Sometida a votación a do dia 31 de Maio de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

- Deisaxe sobre a mesa a sesión do día 3 de Xuño de 2016 o non terse redactado.--

2º.- Expediente adxudicación definitiva edificio Semáforo e o seu anexo O Refuxio mediante concesión administrativa.-

Examinado o expediente administrativo para a contratación por procedemento aberto mediante Concesión Administrativa da Xestión do edificio “O Semáforo” e o seu anexo “O Refuxio” en base o prego de cláusulas administrativas e de explotación aprobado por este Pleno na sesión celebrada o día 3 de febreiro de 2015,

Resultando que por parte da Empresa NCC GALICIA S.L. foi presentada a documentación esixida na Cláusula 18ª do Prego de Cláusulas Administrativas e de Explotación que serviu de base a licitación publicado no Boletín Oficial da Provincia número 29 de data 12 de Febreiro de 2015 é dicir :

A) Certificacións acreditativas e xustificativas de encontrarse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

B) Garantía definitiva por importe de Doce Mil cento cincuenta euros (12.150,00 €) equivalente ao 5% do importe da oferta presentada excluído o Imposto sobre o Valor Engadido mediante Aval Bancario expedido polo Banco Pastor S.A. de data 2 de Xuño de 2016 inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 08203/747.-

C) Medios persoais e materiais que se compromete a dedicar durante a concesión administrativa.-

D) Póliza de seguros subscrita por responsabilidade civil expedida por parte de MAPFRE ESPAÑA.-

Seguidamente, o Pleno da Corporación por Sete votos a favor (4 PSdG-PSOE, 2 BNG e 1 Convergencia Galega) e Catro Abstencións dos concelleiros do grupo popular, acorda :

1) Adxudicar definitivamente á Empresa NCC GALICIA SL con CIF B15995590 e domicilio social na Avenida Fernando Blanco, 22 da localidade de CEE, Código Postal 15270, a Concesión Administrativa para poder levar a cabo a Xestión do edificio “O Semáforo” e o seu anexo “O Refuxio” nun importe de Dosecentos corenta e tres mil euros (243.000,00 €) e Cincuenta e un mil trinta euros (51.030,00 €) do Imposto sobre o Valor Engadido durante un periodo de Quince anos (15) contados a partir do día da formalización do contrato administrativo.--

Asimesmo existe o compromiso ofertado polo concesionario de aboar de maneira anticipada un porcentaxe do 34 % sobre o canon antes referido que ascende a cantidade de Oitenta e dous mil seiscentos vinte euros (82.620,00€) e Dezasete mil trescentos cincuenta euros con vinte céntimos

(17.350,20 €) do Imposto sobre o valor Engadido así como facer efectivo o Canon correspondente o ano 2016 en función da oferta presentada (Claúsula 6ª) .-

2) Notificar este acordo o concesionario facéndolle que debere formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación non mais tarde dos quince días hábiles seguintes a a aquel en que reciba dita notificación.--

3) Procédase a publicación desta Adxudicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia aos efectos legalmente establecidos.-

4) Facultar ao Sr. Alcalde Presidente para que no nome desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo e levar a cabo as interpretacións de procedemento que poidan resultar do mesmo.-

INTERVENCIONS

Sr. Traba Fernández do Grupo Popular

1. ¿Son vostedes conscientes de que esta Corporación vai adxudicar unha instalación municipal ao licitador máis desfavorable para os intereses do Concello de Fisterra?

Sr. Alcalde

Vaise adxudicar ó seguinte e único licitador presentado dada a renuncia do anterior e tendo en conta o informe xurídico que obra no expediente.-

2. ¿Por qué non se convocou un pleno extraordinario cando chegou o informe do Consello Consultivo para proceder a adxudicación provisional e agora atopámonos no mes de xullo cunha instalación turística primordial sen funcionar outro verán máis ?

Sr. Alcalde

Non pareceu necesario dada a existencia dun recurso contencioso administrativo pendente e que foi arquivado polo Xulgado.

3. ¿Vai ter que investir o Concello algunha cantidade na conservación das instalacións por este ano de retraso na adxudicación? ¿ En que contía?

Sr. Alcalde

Non se sabe, de momento existe un investimento obrigatorio por importe de 3.400 € no Refuxio para que o concesionario poida utilizalo en virtude da concesión así como o edificio " Semáforo " que é necesario entregalo en debidas condicións de uso nun importe de vinte e sete mil euros (27.000 €) con cargo aos fondos municipais.

4. ¿Que prazo hai a partires de hoxe para que o adxudicatario deposite os 99.970,20 € que ofertou no procedemento de licitación como pago anticipado do cánon ?

Sr. Alcalde

Dez días para formalizar o contrato administrativo.-

5. Na páxina 58 da memoria de explotación o licitador ao que se vai adxudicar hoxe comprométese no plan de investimento do ano 2015 a investir nas instalacións do Semáforo e Refuxio a cantidade de 271.341 €, visto que o 2015 xa pasou. ¿Esa cantidade debe ser investida no 2016 ?

Sr. Alcalde

Os investimentos previstos na Memoria de explotación e dada a data de adxudicación definitiva, teñen que terse en conta para a súa execución a partir de 2017 .

6. Segundo as plicas hai un investimento en ambientación de 196.616,00 €. ¿Teñen información de cando se vai facer e en que condicións?

Sr. Alcalde

Non, terá que axustarse ó momento en que se obteñan ás autorizacións pertinentes.

7. Segundo a Voz de Galicia, edición Carballo di: “ sin embargo, O Refuxio, no que xa están traballando, prevé abril entre o 15 e o 20 deste mes” Quen está traballando? En que? Hai informe técnico desas obras?

Sr. Alcalde

Está traballando a Empresa concesionaria para poñela en debidas condicións e dar posibilidade de uso á que está obrigado o Concello.

8. ¿É preceptiva a constitución dunha Comisión de Seguimento?. ¿Cando se vai facer? Que membros a formarán? Con que periodicidade se vai reunir?

Sr. Alcalde

Non é preceptiva, farase o antes posible cando empece a funcionar e composta por representantes corporativos.

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente** remata a sesión, ás 21:23 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.